




Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/6047/2024 09/04/2024

Area / Unidade RR.HH PE0000 ASR	Documento 10818I038O	
Código de verificación  4X6F 3P35 3W5P 5860 0S72	Expediente 108/2024/455	
	Data 21-03-2024	

**Asunto:** DESESTIMIENTO DE VARIOS PROCEDIMIENTOS DE PROVISIÓN POR CONCURSO ESPECÍFICO.

## RESOLUCIÓN

### ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

**I.- Relación de bases aprobadas para a provisión dos postos de traballo a través de concurso específica, identificándoas coa respectiva data de publicación no BOP e referencia aos anuncios das respectivas convocatorias.**

#### I.1.- Detalle das citas bases:

- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Departamento de Control Financeiro e Fiscalización, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 18/02/2019, publicadas no BOP do 27/02/2019, número 41.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Informática, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Rehabilitación e Vivenda, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ -Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Xestión Tributaria, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Edificación, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e

Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.

- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Emprego e Empresa, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Igualdade e Diversidade, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Contratación, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Servizo de Interior e Atención Cidadá, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Medio Ambiente, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Mobilidade Urbana, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Museos Científicos, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Bibliotecas, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Intervención na Edificación e Disciplina Urbanística, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Xustiza Social, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 12/03/2019, publicadas no BOP do 25/03/2019, número 57.



# Concello da Coruña

- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Educación, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 12/03/2019, publicadas no BOP do 25/03/2019, número 57.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Cultura, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 15/03/2019, publicadas no BOP do 27/03/2019, número 59.
- ✓ Bases para a provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Participación Cidadá e innovación, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 15/03/2019, publicadas no BOP do 27/03/2019, número 59.

Os expedientes individuais destes 19 procesos conteñen os informes proposta de bases, a resolución de aprobación e os anuncios nos diarios oficiais.

## I.2.- Referencias aos anuncios das Convocatorias.

- O anuncio da convocatoria, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Departamento de Control Financeiro e Fiscalización publicouse no DOG núm. 65 de 03/04/2019.
- Os anuncios da convocatoria da provisión, por concurso específico, dos postos de traballo de Xefe/a de Servizo de Informática, Rehabilitación e Vivenda, Xestión Tributaria, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Edificación, Emprego e Empresa, Igualdade e Diversidade, Contratación, Interior e Atención Cidadá, Medio Ambiente, Mobilidade Urbana, Museos Científicos, Bibliotecas e Intervención na Edificación e Disciplina Urbanística publicáronse no DOG núm. 46 de 06/03/2019, cunha corrección de erros publicada no DOG núm. 51 de data 13/03/2019.
- Os anuncios da convocatoria da provisión, por concurso específico, dos postos de traballo de Xefe/a de Servizo de Xustiza Social, Educación, Cultura e Participación Cidadá e Innovación publicáronse no DOG núm. 82 de 30/04/2019.

I.3.- Identificamos, polo tanto, 19 procedementos de provisión de postos de traballo por concurso específico, que constitúen, en síntese, o obxecto deste procedemento administrativo de desestimento.

## II. Non consta a tramitación e aprobación da lista provisional e definitiva de admitidos, en relación aos procesos de provisión cuxa convocatoria se relaciona nos apartados precedente.

Presentáronse solicitudes aos respectivos concursos específicos pero non se tramitou a aprobación de lista provisional de aspirantes admitidos e, xa que logo, tampouco a lista definitiva.

Con todo esta circunstancia é coherente coa relación de reclamacións interpostas, por distintos empregados e, nomeadamente pola asociación de técnicos medios e superiores do Concello (ASTECO) contra as bases do concurso específico, que se detallan nun apartado posterior.

### **III.- Contexto no que se tramitaron e aprobaron as bases coa respectiva convocatoria.**

Cómpre recordar que houbo unha fase previa de negociación das bases do respectivo concurso específico, en distintas sesións das Mesas xerais de negociación, que tiveron lugar nos anos 2018 e 2019, tal e como se reflicte en distintas minutas das actas das respectivas sesións.

En concreto na sesión da Mesa Xeral de negociación de data 1 de xuño de 2018, conséntase a opción de iniciar os concursos de provisión polos grupos que menos retribución perciben. Manifestación da que se deduce a estratexia de tramitar, con carácter preferente, os procedementos de provisión dos postos de traballo con un complemento de destino inferior.

Tal é así que primeiro tramitouse a convocatoria para a provisión por concurso ordinario 1/2018, que afectaba en termos xerais aos postos de traballo vacantes de grupos e subgrupos inferiores, en concreto dos grupos e subgrupos AP, C2, C1 e, unha vez rematado este, procedeuse coa convocatoria do concurso ordinario identificado como 1/2019, cuxa primeira fase rematou por resolución de data 15 de novembro do ano 2023, coa consecuente adxudicación dos postos de traballo, publicada no BOP núm. 226, de data 27.11.2023, e de forma complementaria no BOP núm. 233, publicado o 07.12.2023 coa engádea dos recursos que poden interpoñer os interesados.

Neste sentido, tamén convén recordar que a tramitación destes concursos ordinarios enmárcanse no cumprimento da sentenza 98/2018 do 5 de novembro de 2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de A Coruña, sobre a nulidade do mantemento das comisións de servizo por máis de dous anos, aínda que nos termos precisados na sentenza 145/2019, do 20 de marzo da sección 001 da Sala do contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, en tanto que eliminou do fallo da sentenza de instancia o carácter inmediato do cese dos funcionarios que ocupan os postos de traballo litixiosos, debendo quedar para a fase de execución a determinación do momento no que o cese debe facerse efectivo, en función do avance e da actitude mais ou menos dilixente do Concello da Coruña na celebración e terminación dos procesos selectivos convocados para a provisión de postos de traballo.

Pois ben, unha das últimas tramitacións é a adxudicación, coa correspondente toma de posesión da primeira fase do concurso ordinario C 1/2019. Neste intre estase cos tramites previstos nas bases reitoras para a convocatoria da segunda fase dese concurso, nomeada como fase de resultados.

### **IV. Referencia, sucinta, as reclamacións presentadas contra as bases dos concursos específicos.**

Efectivamente houbo diversas reclamacións por distintos empregados, xeralmente a través de recursos de reposición, aos que se foi contestando, en sede administrativa, coas respectivas resolucións de inadmisión ou desestimación. Tamén houbo impugnacións na vía xudicial, co resultado de desestimación da demanda que consta nas actuacións e nos respectivos expedientes administrativos

**Agora ben, merecen unha mención específica os recursos de reposición interpostos por D<sup>a</sup> Mónica María Insua Caamaño, en representación da Asociación Profesional de**



**Técnicos medios e superiores do Concello da Coruña (ASTECO), contra distintas bases, algunhas de modo singularizado e outras de forma conxunta ou acumulada, que foron estimadas parcialmente. Tal é o caso das seguintes:**

**IV.1** Recurso de reposición interposto por medido de escrito con código de asento RMPE130BXL contra a resolución de aprobación e as bases da convocatoria para a provisión por concurso específico dos postos das xefaturas dos servizos de Xustiza Social e Educación, que se publicaran no BOP do 25 de marzo de 2019.

A consecuencia da estimación parcial do recurso, decídese modificar a base segunda das bases de dito concurso, indicando a redacción común a outras bases específicas, nos termos que figuran noutro apartado posterior, respecto das que tamén se estima parcialmente o recurso administrativo presentado.

**IV.2.-** Recurso de reposición interposto por ASTECO, con código de asento RMPE13090W, dirixido contra a resolución e as propias bases da convocatoria do concurso específico para prover o posto de xefatura de departamento de Control Financeiro e Fiscalización, publicadas no BOP do 27 de febreiro de 2019.

A resolución do recurso de reposición (RES/AYT/8867/2019) de data 7 de xuño de 2019, estima parcialmente o devandito recurso, modificando a base segunda, en termos semellantes aos que se reproducen “*infra*”. Procede aclarar que no dispositivo que reflicte a estimación parcial, por erro, se alude á provisión do posto de traballo de xefatura de servizo de Cultura e de Participación Cidadá e Innovación; o certo é que tanto no título do asunto, como no dispositivo que rexeita o resto de alegacións xa se menciona - aparentemente de forma correcta- ao posto de traballo de xefatura de departamento de Control Financeiro e Fiscalización do concello da Coruña.

**IV.3.-** Escrito co recurso de reposición formulado por ASTECO, na data do 26 de abril de 2019 (código de asento RMPE130C30), contra a resolución de data 15 de marzo de 2019, pola que se aprobaron as bases do concurso específico para provisión dos postos de servizo de Cultura e de Participación Cidadá e Innovación, publicadas aquelas no BOP de 27 de marzo de 2019.

A resolución do recurso de data 30 de maio de 2019, estima parcialmente o recurso modificando a base segunda que quedaría redactada nos termos que se transcriben máis adiante.

O resto de alegacións aparecen como desestimadas.

**IV.4.-** Recurso de reposición interposto por ASTECO, na data do 13 de marzo de 2019, a medio de escrito con código de asento RMPE1307P6.

O recurso formulábase contra a resolución de 29 de xaneiro de 2019, pola que se aprobaban as bases para a provisión por concurso específico dos seguintes postos de xefaturas de servizos: Emprego e Empresa, Contratación, Bibliotecas, Medio Ambiente, Igualdade e Diversidade, Museos Científicos, Intervención da Edificación e Disciplina Urbanística, Mobilidade Urbana, Interior e Atención Cidadá, Edificación, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, Xestión Tributaria, Rehabilitación e Vivenda e Informática, cuxas bases se publicaran no BOP do 13 de febreiro de 2019.

Por resolución de 3 de xuño de 2019 (RES/AYT/8498/2019) estímase parcialmente dito recurso, modificando a base segunda desas bases de provisión dos postos sinalados, quedando redactada do seguinte xeito:

*“Poderán participar neste concurso específico o persoal funcionario de carreira do subgrupo A1 de Escalas ou Corpos pertencentes á Administración Xeral ou Especial, de calquera Administración Pública, salvo os suspensos en firme, mentres dure a situación de suspensión, sempre que reúna os requisitos e condicións de participación nesta convocatoria na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

*Os funcionarios de carreira de outras Administracións poderán participar a condición de que cumpran as condicións da Relación de Postos de Traballo (RPT) para a ocupación do posto e sexan titulares dunha praza igual ou equivalente a unha vacante do persoal municipal, segundo o previsto no art. 19 das Normas de Xestión da RPT deste Concello (Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 165 do 31/08/2017).*

*Os requisitos comúns de participación son:*

- *Persoal funcionario de carreira*
- *Pertencer ao Subgrupo A1 de Escalas ou Corpos pertencentes á Administración Xeral ou Especial*
- *Ter unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira. Ademais, o persoal funcionario de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar no concurso específico convocado.*

*As persoas funcionarias do Concello da Coruña que estean a desenvolver un posto de traballo en adscrición provisional terán obriga de participar na presente convocatoria cando o posto ofertado sexa adecuado ao seu corpo e categoría.*

*Esta convocatoria e a súa resolución publicaranse no DOG, na páxina web do Concello ([www.coruna.gal](http://www.coruna.gal)) e no taboleiro edictal. Así mesmo, os distintos actos derivados do concurso publicaranse na páxina web do Concello e no taboleiro edictal”.*

A redacción que se acaba de reflectir, derivada da estimación parcial do recurso administrativo, é idéntica a mencionada para a base segunda nos números precedentes deste apartado IV, en relación con cada unha das bases específicas mencionadas logo da estimación do respectivo recurso de reposición, interposto contra elas.

O resto de alegacións formuladas naquel recurso de reposición desestimábanse.

**V.-** A consecuencia da estimación parcial dos recursos de reposición que interpuxera ASTECO, enunciados no apartado precedente, resulta que as bases deses concursos específicos tiñan que ser obxecto de modificación, coa finalidade de adecualas á legalidade e dar cumprimento a tales resolucións administrativas, emitidas en vía de recurso administrativo, a finais do mandato corporativo 2015-2019.

A modificación das bases de referencia para dar cumprimento ao contido das resolucións dos respectivos recursos de reposición e adaptalas a legalidade vixente ao tempo da súa aprobación e na actualidade, afecta en síntese:





# Concello da Coruña

- a) Aos requisitos comúns de participación no concurso específico, para nada inocuos, pois **onde di**: “*Ter permanecido dous anos no último posto de traballo definitivo*” **debe dicir**: “*Ter unha antigüidade mínima de tres anos como persoal funcionario de carreira*”.
  - b) E debería precisarse que o persoal de carreira que ocupe con carácter definitivo un posto de traballo obtido por concurso “**debe permanecer nel un mínimo de seis meses para poder participar no concurso específico convocado**”.
- Emporiso, esta modificación efectiva non se executou, nin se publicou.

## VI.- Outras eivas das bases dos amentados concursos específicos.

A maiores, efectuada unha análise superficial e complementar das citadas bases dos concursos específicos, tampouco respectan o determinado polo artigo 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, en cuxo apartado 4º di:

*“A valoración global dos méritos, xerais e específicos, supoñerá como mínimo o cincuenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzable”.*

Xa que logo fíxase na norma legal, aplicable aos concursos específicos, unha porcentaxe mínima do 55% da puntuación máxima alcanzable, para os méritos xerais e específicos que non se respectan nas bases de referencia.

Efectivamente, nas bases específicas do concurso aprobadas establécense dúas fases “Na primeira fase valoráranse os méritos xerais e na segunda os méritos específicos adecuados ás características do posto convocado”. A puntuación máxima alcanzable en todo o procedemento, incluíndo as dúas fases, é de 50 puntos.

A Primeira fase 5.1 denomínase “méritos xerais”. Nela valórase a antigüidade, o grao persoal consolidado, o traballo desenvolvido e cursos de formación e perfeccionamento. Nesta fase poderase obter unha puntuación máxima de 20 puntos e esíxese obter nela unha puntuación mínima de 10 puntos.

A dita fase supón un 40% da puntuación máxima alcanzable. E a puntuación mínima esixida para acceder á segunda fase supón un 20% da puntuación máxima alcanzable.

A segunda fase 5.2 denomínase “méritos específicos e memoria”. Nela valorase un apartado 5.2.1 de “méritos específicos”, que inclúe a experiencia profesional no propio servizo convocado, e formación específica en materias relacionadas co servizo. A puntuación máxima que se pode obter neste apartado 5.2.1 é de 15 puntos.

Tamén se inclúe na segunda fase un apartado 5.2.2 denominado “*memoria*”, no que se valora a realización e exposición dunha memoria. A puntuación máxima alcanzable neste apartado 5.2.2 é de 15 puntos.

A puntuación máxima que se pode obter na segunda fase, no seu conxunto, é de 30 puntos e esíxese, segundo o disposto na base 5.2 obter unha puntuación mínima en conxunto na segunda fase de 20 puntos.

O artigo 91 da Lei 2/2015, no seu apartado 4, sinala que a valoración global dos méritos, xerais e específicos, supoñerá como mínimo o 55% da puntuación máxima alcanzable. Ademais, desta puntuación mínima, sinala o mesmo artigo, no seu apartado 5, que no procedemento para a valoración das capacidades, coñecementos ou aptitudes, a

convocatoria pode incluír a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas ou tests profesionais, a valoración de informes de avaliación ou outros sistemas similares. As características técnicas destes medios de valoración deberán gardar relación directa co perfil do posto de traballo a prover e garantir o respecto do principio de obxectividade naquela.

Tendo en conta as bases dos concursos específicos mencionados, a segunda fase non pode ser obxecto de división na súa puntuación, xa que se esixe ter unha puntuación mínima de 20 puntos para superala. Puntuación que non pode ser obtida só coa puntuación dos méritos específicos incluídos no apartado 5.2.1 “*méritos específicos*”, no que a puntuación máxima alcanzable son 15 puntos.

Por tanto, non se está a cumprir a previsión legal de que a puntuación mínima que poidan obter as persoas solicitantes no procedemento, na valoración global dos méritos xerais e específicos sexa dun 55%, posto que segundo as bases a segunda fase que inclúe os méritos específicos non pode ser obxecto de desagregación na súa puntuación, e para a superación da dita segunda fase é necesario que entre en consideración a valoración da memoria. Porén a valoración das memorias, tal como sinala a Lei, deben ser obxecto de valoración independente dos méritos xerais e específicos.

Deste xeito, as persoas participantes nunca poderían obter unha valoración global dos méritos, xerais e específicos, mínima do 55% segundo o que se establece no artigo 91.4 da Lei 2/2015, xa que a puntuación mínima que se esixe para poder superar a segunda fase é de 20 puntos, non podendo considerar por separado os 15 puntos máximos do apartado 5.2.1, nomeados como “*méritos específicos*”.

Esta previsión legal é recollida de forma máis concreta no actual Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico (**aplicable tamén as entidades locais nos termos do seu Art. 2.2**) que sinala, **no seu limiar**, en relación ao concurso específico: “Na sección segunda desenvólvese a figura do concurso específico; este concurso vai constar de dúas fases, unha primeira, que consistirá na valoración dos méritos, xerais ou específicos, de conformidade co disposto na correspondente convocatoria e que supoñerá, como mínimo, o 55% da puntuación máxima alcanzable; e unha segunda fase, na que se valorarán as capacidades, as aptitudes ou os coñecementos que se determinen na correspondente convocatoria, tales como a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas, test profesionais ou a valoración de informes de avaliación.”

Así no artigo 20 do dito Decreto concrétese o procedemento do concurso específico, indicando que constará de dúas fases, a primeira consistirá na valoración dos méritos, xerais ou específicos, na forma que se determine nas bases da convocatoria. Esta primeira fase supoñerá, como mínimo, o 55% da puntuación máxima alcanzable.

Cando as correspondentes bases da convocatoria prevexan valorar cunha puntuación específica o desempeño do posto obxecto do concurso específico, dita puntuación non poderá superar o 20% da puntuación total.





A valoración destes méritos corresponderá á comisión de valoración, que será nomeada pola persoa titular da consellería convocante.

A segunda fase, na que se valorarán as capacidades, as aptitudes ou os coñecementos, que se determinarán na correspondente convocatoria, tales como a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas ou test profesionais, ou a valoración de informes de avaliación ou outros sistemas similares. As características técnicas destes medios de valoración deberán gardar relación directa co perfil do debido a que se vai a prover e garantir o respecto do principio de obxectividade. Esta segunda fase tamén será realizada pola comisión de valoración.

Estamos, polo tanto, diante doutra eiva de legalidade das bases dos concursos específicos relacionadas no apartado primeiro (I), en aplicación do artigo 91 da Lei do emprego público de Galicia, vixente ao aprobarse as bases e tamén na actualidade.

Cuestións relevantes, maiormente no contexto da adxudicación do concurso específico 1/2019 e da tramitación da fase de resultas do mesmo, en pro de garantir condicións de igualdade no conxunto das provisións aos posibles aspirantes.

## FUNDAMENTOS TÉCNICO-XURÍDICOS PARA O DESISTEMENTO DOS PROCEDEMENTOS DE PROVISIÓN POR CONCURSO ESPECÍFICO.

### **Primeiro.- Fundamento legal e doutrinal.**

O artigo 93 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, regula, con carácter xeral, a desistencia da Administración, introducindo así unha innovación destacable no plano normativo, que non na realidade práctica e xurisprudencial –onde xa se viña empregando e recoñecendo sen problemas esta posibilidade–.

O sinalado artigo 93 di: “ Nos procedementos iniciados de oficio, a administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas leis”,

**Esta regulación fundaméntase en tres pilares, segundo Campos Acuña, nos comentarios a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común, publicados por “ El Consultor”.**

**1º.-** A lóxica e ineludible circunscrición do seu ámbito de aplicación aos procedementos iniciados de oficio pola Administración.

**2º.-** A esixencia de que a desistencia se faga de forma motivada. Diante da cuestión de cales poden ser as razóns capaces de xustificar, racional e razoablemente, que a Administración abandone un procedemento iniciado por ela mesma, en aras á satisfacción dun determinado interese xeral. Pois ben, hai que sinalar que estas causas poden ser de **orde pública e de interese público**.

No que atinxe as causas de orde pública, diante de vicios de legalidade e aliñado con criterios de eficacia e eficiencia, a Administración, pode poñer fin a un procedemento que se ache viciado por causas de nulidade de pleno dereito, ou de anulabilidade non emendables, que aboquen a que, no caso de ditarse unha resolución, esta poda resultar

inválida, sen prexuízo de que de ser pertinente inicie outro procedemento co mesmo obxecto.

Por outra banda e por razóns de interese público, a Administración tamén pode terminar anticipadamente aqueles procedementos iniciados de oficio para a satisfacción dun interese xeral cando considere que este procedemento xa non é o medio máis adecuado para o cumprimento do devandito interese, xeralmente, porque se produciu unha variación das circunstancias, de sorte que para o logro dos obxectivos e fins públicos perseguidos, se considera máis acaído iniciar un novo procedemento. Neste segundo suposto (sen necesidade da concorrencia de eivas de legalidade), dise que a decisión de desistir só será adecuada se a motivación inclúe unha ponderación da situación xurídica dos interesados no procedemento de que se trate; isto é, a decisión de desistir ha de acharse solidamente fundada no interese xeral e a súa adopción non pode lesionar de forma desproporcionada os principios de boa fe e confianza lexítima, aos que se suxeita a actuación das Administracións Públicas, de conformidade co art. 3.1.e) LRJSP. Anticipamos que a participación en nos procesos de selección de persoal ( neste caso provisión) e a inclusión nunha lista de admitidos non xera dereitos consolidados en favor dos aspirantes, configurándose como unha mera expectativa.

No asunto obxecto deste informe proposta, hai na contorna de cinco anos que se presentaron solicitudes ao tempo que varios recursos de reposición, que nin sequera foron obxecto de aprobación como lista provisional de admitidos, xa que logo claramente non pasan de meras expectativas comúns.

**3º.-** A previsión de que a desistencia se realice nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis. A interpretación sistemática desta disposición determina que a mesma non poida ser entendida no sentido de que a Administración só pode desistir se unha Lei o prevé expresamente, senón na liña de que as Leis poderán modular as condicións nas que esa desistencia se pode levar a cabo. Este entendemento pódese fundamentar nas seguintes razóns:

- a) A desistencia da Administración é unha manifestación dunha facultade máis ampla da mesma: o seu *ius poenitendi*, o seu dereito para cambiar de opinión para a mellor tutela dos intereses xerais (dereito que se estende mesmo á revogación de actos administrativos). Así, cando unha norma atribúe á Administración a potestade de iniciar de oficio un concreto procedemento para a adecuada satisfacción dun determinado interese público, no marco do seu deber de servir obxectivamente aos intereses xerais, implicitamente confírelle a capacidade de poñer fin ao mesmo, de forma anticipada, se, en calquera momento, se pon de manifesto que, coa conclusión do citado procedemento, non se alcanzará este fin ou coa mesma poñeráse en risco a satisfacción da tutela doutro interese que esta Administración debe alcanzar.
- b) Sobre a base do antes afirmado, sen necesidade de que a norma reguladora do procedemento administrativo común o recollera de modo expreso, non foi infrecuente que as Administracións Públicas, polos motivos indicados, procedesen a desistir de procedementos en diversas materias (expropiación forzosa, emprego público, bens públicos, subvencións, urbanismo, enerxías renovables, etc.). Hai que destacar que esta facultade foi ratificada pola xurisprudencia.



c) O recoñecemento dun dereito xeral da Administración para desistir dos procedementos é moito máis garantista para os administrados, que a negación do mesmo. E iso é así porque se á Administración cando, razoada e razoablemente, non estima oportuno continuar cun procedemento, non se lle permite realizalo de forma directa, terminará alcanzado este resultado de forma indirecta, como pode ser pola aplicación da categoría da caducidade ( para o caso de producirse efectos desfavorables ou de gravame para os administrados) ou pola aplicación de facto do silencio administrativo negativo se da iniciativa de oficio puideran resultar efectos favorables aos interesados. Neste senso e como se detalla máis adiante nestes procedementos de provisión, que se consideran iniciados de oficio, o sentido do silencio é negativo.

Desde un punto de vista tamén doutrinal, cabe mencionar a Decisión do “ **Defensor del Pueblo**” de 8 de xullo de 2022 en relación a unha queixa contra un acordo do “ Ayuntamiento de Murcia” de 25 de maio dese mesmo ano, no que se aproba o desistimento de continuar na tramitación de determinados procesos selectivos e os seu actos de desenvolvemento.

Nas consideracións desa decisión salientase, efectivamente, a posibilidade que ten a administración de desistir dos procedementos iniciados de oficio, de forma motivada; a necesidade de motivación vén fixada tanto no artigo 93, como no artigo 35.1.g da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC); este último sinala que serán motivados, con sucinta referencia a feitos e fundamentos de dereito, os actos que acorden o desistimento pola administración dos procedementos iniciados de oficio.

Indicase no fío argumental desa Decisión que a mesma, ademais de ser xustificada, razoable e atender ao interese xeral debe ter en conta a existencia de dereitos e intereses lexítimos das persoas que podan verse afectadas.

Pos ben, con cita dunha Sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do T.S. de 16 de xullo de 1982 ( Apelación nº 47.847), o límite da potestade discrecional da administración para desistir do proceso selectivo, fíxase na publicación da lista provisional de admitidos, como fase do procedemento no que se xenera aos aspirantes un dereito, e non unha mera expectativa.

Nesa Decisión, partindo desa STS do ano 1982 (nun asunto do Concello de Betanzos) cítanse outras sentenzas máis recentes do TSX de Madrid , por exemplo, a STSJ Madrid número 605/2016, do 25 de novembro, na mesma liña en canto a que a participación nun concurso so xenera unha mera expectativa a obter un determinado posto, máxime se como ocorre nos procedementos deste informe proposta non chegou a publicarse unha listaxe provisional de admitidos, pero non un dereito ao desenvolvemento da convocatoria conforme ao indicado nas bases da convocatoria .

## **Segundo.- Precedentes xudiciais sobre o desestimento do procedemento no ámbito dos recursos humanos.**

Ademais da Sentenza do TS do 16 de xullo que acabamos de citar, xunto coa Sentenza 605/2016 de 25 Nov. 2016 (Rec. 560/2016) do TSX de Madrid (ECLI: *ES:TSJM:2016:13164*) como precedente mais próximo, podemos mencionar a Sentenza 147/2023 da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG, de data 27 de febreiro de 2023, que afecta tamén a un procedemento de concurso específico

Esta sentenza no seu **Fundamento Xurídico terceiro**, razoa sobre a inexistencia dun acto declarativo de dereitos, pola circunstancia de ser incluído nunha lista de admitidos (inexistente nos concursos específicos relatados neste informe-proposta)

(.....)

*A inclusión dun/a aspirante na lista de admitidos non se erixe en acto declarativo de dereitos senón que constitúe unha mera expectativa, porque ata que se produce o nomeamento e a efectiva toma de posesión no posto para o que se nomea ao funcionario non se constitúe a relación de emprego público correspondente a partir da cal se adquiren os dereitos subxectivos e obxectivos inherentes á nova situación. Neste sentido argumentou a sentenza n.º 181/2009 de 12 marzo, da Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de País Vasco, que “dado que a condición de funcionario de carreira adquirese en virtude do cumprimento sucesivo da superación do proceso selectivo, nomeamento lexítimo e a toma de posesión (artigo 36 da Lei de Funcionarios Públicos), ata que esta non acaece a demandante unicamente ostentaba unha expectativa de nomeamento e acceso á función pública na categoría que pretende, sen que en momento anterior a esta toma de posesión ostente dereito subxectivo algún susceptible de ser lesionado pola actuación administrativa”. No mesmo sentido expresouse a sentenza n.º 78/2010 de 15 abril, do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid.*

*Por tanto, ao non existir acto declarativo de dereitos en favor da recorrente, para acordar a desistencia do proceso selectivo tampouco resulta esixible acudir a un dos procedementos de revisión incluídos nos artigos 106 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, tal como alega a apelante, ademais de que esa publicación da lista de aspirantes admitidos tampouco impide que poida darse por finalizado por desistencia o procedemento selectivo en que aquela lista de admitidos insírese. En efecto, se se chega a demostrar que nas bases dese proceso selectivo se conculca normativa reguladora na materia e vaise en contra do interese xeral, representado pola cobertura da praza con persoa idónea, por reunir os requisitos de mérito e capacidade para desempeñala, quedando todo iso debidamente demostrado, é lóxico que haxa de acudirse á desistencia do proceso selectivo en cuxas bases se detectou ese vicio, con aplicación do artigo 93 da Lei 39/2015, que permite á Administración tal desistencia nos procedementos iniciados de oficio, porque dese modo impídese que poida avanzar un procedemento viciado e á vez imposibilitase que poida cubrir a praza con quen non reúne a capacidade e idoneidade precisa para desempeñalo.*

(.....).

E mais adiante, nese mesmo fundamento recórdase e refórzase a viabilidade da desistencia dos procedementos por parte da administración(.....)

*“A sentenza do 29 de abril de 2016 da Sala 3ª do Tribunal Supremo (recurso 509/2014) referiuse á posibilidade de desistencia en procedementos iniciados de oficio, e nese caso, aínda que relativo a procedemento de autorización de parques eólicos, considerou conforme a Dereito aquel modo de finalización do procedemento a pesar de que xa existían adxudicatarios nese procedemento, é dicir, nun suposto en que o procedemento avanzara máis que no que agora nos ocupa. Con iso queda patente que a declaración de dereitos en favor dalgúns aspirantes non impide que se acuda á figura da desistencia do procedemento se concorre e explicitáase a motivación adecuada para levalo a cabo.”*

(....).



## Concello da Coruña

A mesma sentenza 147/2023, da sección primeira da Sala do Contencioso Administrativo do TSXG ( fundamento xurídico cuarto) , en canto a interpretación do artigo 93 da Lei 39/2015, ven sinalar:

(.....)

*O segundo motivo de apelación fúndase na alegación da errónea interpretación do artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.*

*O devandito precepto establece que “nos procedementos iniciados de oficio, a Administración poderá desistir, motivadamente, nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis”.*

*O teor dese artigo non significa que só poida admitirse a desistencia por parte da Administración se existe unha previa habilitación legal que o propicie, debido a que iso supoñería a imposibilidade de aplicar esta norma, ademais de que resultaría carente de sentido recoller nunha norma xeral a posibilidade de que a Administración puidese desistir nos procedementos iniciados de oficio só nos casos previstos noutras leis, cando iso xa ocorría, con fundamento nas sucesivas leis de contratos das administracións públicas, sen necesidade de que se expresase esa posibilidade na normativa sobre o procedemento administrativo común. **O que con aquela referencia quere significarse é que cando existe esa previa previsión legal os preceptos relativos á desistencia da Administración deben seguir cumpríndose.** Pénsese que a previsión xenérica que agora se contén é unha novidade respecto a normativa contida na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, cuxo artigo 90.1 soamente contiña a previsión de desistencia a instancia dos interesados, de modo que coa nova regulación preténdese ampliar o ámbito de aplicación dese modo de finalización do procedemento.*

***A apelante alega que o establecemento de que só se pode desistir pola Administración nos supostos e cos requisitos previstos nas Leis impiden que poida operar a desistencia cando existan dereitos materializados sen acudir aos procedementos de revisión de oficio, que son os establecidos nas Leis.***

*A anterior alegación non pode ser acollida pois, como anteriormente razoamos, a inclusión na lista de admitidos ao proceso selectivo non xera dereitos consolidados en favor dos aspirantes, nin sequera a ser avaliada no curso do proceso selectivo, senón unha mera expectativa a lograr o acceso á función pública, a condición de que se expliciten as razóns polas que se acode a ese modo de terminación anormal do procedemento, para cumprir a esixencia de motivación que se contén no artigo 93 da Lei 39/2015.*

*E neste caso o deber de motivación esixido está debidamente cumprido desde o momento en que se xustificou a necesidade de que quen aspire ao posto teña a titulación de licenciado ou graduado en Dereito como modo de garantir o adecuado desempeño das funcións da praza de asesor/a xurídico/a en o gabinete da asesoría xurídica e asistencia a municipios, no que as funcións principais son as de defensa dos concellos e entidades locais nos procedementos administrativos e xurídicos en que sexan parte, estendéndose á defensa nos recursos contencioso-administrativos e laborais, pois dificilmente poderá acometer eses labores quen careza dos coñecementos xurídicos que proporciona a carreira de Dereito. Por tanto, a decisión de desistir está solidamente fundada, xa que de seguir adiante co proceso selectivo córrese o risco de que se provea o posto convocado con quen*

*non posúa a capacidade para o desempeño das funcións encomendadas, co consecuente dano ao interese xeral. **E na ponderación de intereses en presenza ha de prevalecer o interese público en prover a praza con persoal que ostente a debida idoneidade sobre o interese particular derivado da expectativa da aspirante de ser avaliada e cualificada**, o cal conleva así mesmo a de ser finalmente nomeada no proceso selectivo en caso de superalo.*

Estes precedentes xudiciais, serven de referencia para asentir a decisión do Concello da Coruña de desistir dos procedementos de provisión de postos de traballo que se iniciaran no ano 2019, respecto dos que non hai lista provisional e nos que concorren eivas de legalidade nas bases da convocatoria e un contexto de cambios relevantes que lles afectan.

### **Terceiro.- Sobre o sentido do silencio nos procedementos de provisión de postos de traballo e, en xeral, de selección de persoal.**

A base legal e punto de partida da obriga de resolver está imposta a administración no artigo Artigo 21.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro (LPAC):

A Administración está obrigada a dictar resolución expresa e a notificala en todos os procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

Agora ben, os efectos da ausencia de resolución expresa son distintos para os casos dos procedementos iniciados a solicitude do interesado, nos que se aplica o Artigo 24 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, daqueles que se inician de oficio, como sucede cos de selección e provisión de persoal, pois neste caso resulta de aplicación o artigo 25 do mesmo texto legal:

*“Artículo 25. Falta de resolución expresa en procedementos iniciados de oficio. 1. Nos procedementos iniciados de oficio, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditou e notificado resolución expresa non exime á Administración do cumprimento da obriga legal de resolver, producindo os seguintes efectos:*

- a) No caso de procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento ou, no seu caso, a constitución de dereitos ou outras situacións xurídicas favorables, os interesados que houberen comparecido poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.*
- b) Nos procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, producirase a caducidade. Nestes casos, a resolución que declare a caducidade ordenará o arquivo das actuacións, cos efectos previstos no artigo 95. 2. Nos supostos nos que o procedemento se houbese paralizado por causa imputable ao interesado, interromperase o cómputo do prazo para resolver e notificar a resolución.”*

Xa que logo, que o sentido do silencio sexa negativo, como confirman distintas resolucións xudiciais, reforza a idea da ausencia de dereitos subxectivos merecentes dunha especial protección en canto a forma en que os actos administrativos preexistentes ( bases, convocatoria) perdan a súa eficacia.

Como precedentes xudiciais sobre o sentido do silencio nos procedementos de provisión de postos de traballo e, en xeral de selección, nas administracións públicas, podemos mencionar:





A sentenza 710/2019 da Sala terceira do Tribunal Supremo de data 28 de maio de 2019, anula unha sentenza de instancia acollendo e reafirmando a tese **sobre que debe de entenderse por “procedementos iniciados a solicitude do interesado” para os efectos da regulación do silencio positivo contida no artigo 43 da Lei 30/92 (art. 24 Lei 39/2015). Os procedementos de provisión e selección iníciáanse de oficio, malia que neles se incorpore unha solicitude particular.**

Nesa mesma liña, cómpre mencionar a sentenza núm. 2404/2015 ditada o 23 un de outubro pola Sección 1ª da Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castela-León, (rec. 327/2015) que no seu fundamento xurídico 2º, parte do réxime aplicable aos procedementos iniciados a solicitude dos interesados, para discernir como as solicitudes de participación en procedementos de provisión ou de selección de recursos humanos se insiren nun procedemento iniciado de oficio ao tratarse dunha solicitude enmarcada nun procedemento iniciado de oficio. Polo tanto os efectos do silencio administrativo, son negativos.

Cabe, igualmente, referir a Sentenza núm. 710/2019, do 28.05.2019, pronunciada pola Sección 4ª da Sala Tercera, do Tribunal Superior de Justicia de Murcia, (rec. 246/2016) ao sinalar que “no ámbito da Administración Pública, calquera que fóra o acceso á mesma ha de respectar os principios de mérito e capacidade a que refírese o art. 103.3. CE. Sobre tal aspecto insiste a nosa xurisprudencia tanto no que se refire ao acceso (por todas a STS 29 de novembro de 2018, casación 2037/2016 e as alí citadas) como á imprescindible observancia do seu cumprimento na provisión dos postos de traballo ( STS 7 de maio de 2019 , recurso ordinario 197/2017). Xa que logo estamos ante procedementos da tipoloxía dos iniciados de oficio.

Polo tanto o silencio, ante as solicitudes de participación nos procedementos concurso específico é negativo, coas consecuencias que diso se derivan, isto é que a resolución expresa posterior( vencidos os prazos) que emita esta administración adoptase sen vinculación algunha ao sentido do silencio ( art. 24.3 b LPAC).

#### **Cuarto.- Relación de cambios producidos na estrutura organizativa dos RRHH do Concello da Coruña desde que se aprobaran as bases do concurso específico: modificacións varias na rpt.**

1. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 29/06/2020, resolveuse aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña e das súas Normas de Xestión, así como a someter o expediente a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias.  
Na fase de información pública, presentáronse 7 alegacións que ou foron estimadas parcialmente ou desestimadas.  
Esta modificación aprobouse definitivamente por Acordo da Xunta de Goberno Local o 07/08/2020, publicándose no **Boletín Oficial da Provincia núm. 133 do 19/08/2020**, para a súa aplicación.
2. En sesión do 16/03/2022, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente unha modificación puntual da RPT e das súas normas de xestión, este expediente someteuse a



información pública mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamación ou suxerencias.

Esta modificación aprobouse definitivamente por Acordo da Xunta de Goberno Local o 29/04/2022, publicándose no Boletín Oficial da Provincia núm. 84 do 04/05/2022, para a súa aplicación.

3. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14/11/2022, resolveuse aprobar inicialmente outra modificación parcial da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña e das súas Normas de Xestión, así como a someter o expediente a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias.

Nesa fase de información pública, preséntase unha única alegación á RPT, que resulta desestimada en todos os seus extremos.

Apróbase definitivamente a modificación da RPT mediante Acordo da XGL o día 21/12/2022, con efectos a partir do día seguinte a súa publicación no **Boletín Oficial da Provincia núm. 244, de data 27/12/2022.**

4. Por Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 30/08/2023, resolveuse aprobar inicialmente unha nova modificación parcial da relación de postos de traballo (RPT) do Concello da Coruña e das súas Normas de Xestión, así como a someter o expediente a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxerencias.

Presentáronse 4 alegacións que ou ben foron estimadas parcialmente ou desestimadas (3) Detrás deste trámite aprobouse definitivamente a modificación da RPT en sesión da XGL de 11/10/2023, cuxo acordo produce efectos a partir do día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, que tivo lugar no núm. 199 de 18/10/2023.

Estes cambios no instrumento de planificación, identificado como documento técnico para a organización dos recursos humanos no Concello da Coruña, afectan tamén as xefaturas de servizo, algunhas obxecto da convocatoria nos concursos específicos relatados, como ocorre por exemplo cos cambios de denominación da xefatura de servizo de persoal, por recursos humanos; interior e atención cidadá por atención cidadá e interior.

Ademais de cambios no documento a través do cal se organiza, racionaliza e ordena a estrutura técnica do persoal empregado público, houbo cambios derivados da organización política e das áreas de xestión da organización municipal para este mandato corporativo 2023/2024, nos niveis esenciais da organización municipal (Arts 122 e ss do ROM): Decreto 4538/2023, publicado no BOP de 27 de xuño, ao igual que da estrutura directiva do Concello aprobada polo Decreto 5272/2023, do 26 de xullo.

Relacionado con tales cambios na estrutura organizativa dos Recursos Humanos, xunto cos traballos de elaboración dunha nova RPT, estanse a celebrar distintas mesas técnicas de traballo, coa finalidade de abordar unha planificación estratéxica dos RRHH deste Concello na que se insire a promoción e a carreira (vertical) profesional dos empregados públicos deste Concello; neste sentido na mesa técnica de datos de 09/01/2024 tratáronse , entre outros asuntos, os avances nos traballos da nova RPT, así como de comezar a



traballar na elaboración dunhas bases para un concurso ordinario, un concurso específico e a propia RPT.

Na mesa técnica que tivo lugar o 19/01/2024 trasládase pola representación sindical que en sesión extraordinaria da Xunta de Persoal se acordará, por unanimidade, propoñer á mesa técnica comezar a negociar as bases do próximo concurso ordinario e do concurso específico e mesmo sinalaron que enviarían unha proposta consensuada de bases (...)

Na sesión de mesa técnica do 16 de febreiro de 2024 volveuse a tratar sobre a redacción das novas bases dos concursos, mesmo apuntou a representación sindical distintas modificacións a introducir.

Nesta última liña, cómpre mencionar o escrito presentado pola Xunta de Persoal deste Concello, con RXE número FRAE18020X no que, en síntese, propoñen a actualización das bases dos concursos ordinarios e específicos á normativa vixente, formulando distintas propostas en relación á provisión de postos de traballo por concurso ordinario e outras en relación á provisión por concurso específico.

Ao anterior, cabe engadir que o tempo que discorre conleva que algunhas das persoas que presentaron solicitudes xa non se atopen en activo, mudara a súa situación ou tiveren méritos distintos dos aportados, cara a unha adecuada provisión dos postos convocados mais acaída aos principios de mérito e capacidade actualizados.

Velaquí unha morea de circunstancias e razóns que xustifican o interese pública en desistir dos procedementos de provisión de postos en concurso específico.

**Quinto.- Cambios normativos: Decreto 151/2022, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.**

Este Decreto é de aplicación as entidades locais, de conformidade co previsto no seu artigo 2.2, sobre ámbito de aplicación:

*“No non reservado á lexislación do Estado aplicarase este regulamento ao persoal funcionario de carreira da Administración local, sen prexuízo da aplicación da lexislación específica establecida para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional.”*

Este Decreto autonómico aplicable ás EELL, actualiza o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, que aprobaba o Regulamento de provisión de postos de traballo, adecuándoo ás previsión legais vixentes en materia de procedementos de provisión incluídos na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

Desenvolve o procedemento de provisión de postos mediante concurso específico tal como se recolle na Lei 2/2015, este concurso vai constar de dúas fases, unha primeira, que consistirá na valoración dos méritos, xerais ou específicos, de conformidade co disposto na correspondente convocatoria e que supoñerá, como mínimo, o cincuenta e cinco por cento da puntuación máxima alcanzable; e unha segunda fase, na que se valorarán as capacidades, as aptitudes ou os coñecementos que se determinen na correspondente convocatoria, tales como a realización de probas de carácter práctico, memorias, entrevistas, test profesionais ou a valoración de informes de avaliación. Determina a

composición da comisión de valoración neste procedementos de concurso específico, composición que difire da establecida nos concursos ordinarios. Tamén regula o procedemento de avaliación dos postos obtidos mediante concurso específico.

## CONCLUSIÓN

Do conxunto de antecedentes relacionados, no contexto administrativo, temporal, normativo e xurisprudencial explicado, resulta que:

**(A) Concorren circunstancias, razóns e causas de interese público, ao abeiro do art. 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común (LPAC) para desistir dos procedementos de concurso específico relacionados no antecedente administrativo I, e tamén no dispositivo primeiro deste informe proposta, sintéticamente:**

- O tempo discurrido e cambios organizativos na estrutura dos efectivos de Recursos humanos.
- A modificación da estrutura político-gubernativa e directiva do Concello, isto é, un dos niveis esenciais da organización municipal, consonte co previsto nos artigos 122 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal.
- A obsolescencia das bases reitoras e das propias convocatorias posto que algunhas das persoas solicitantes se atopan en situacións administrativas diversas, incluso xa poden atoparse xubiladas.
- A necesidade de actualizar os méritos dos posibles aspirantes.
- A oportunidade dunhas novas bases axustadas a realidade normativa actual e a evolución na xestión da provisión de RRHH cuxa modernización está cada vez máis reclamada en documentación técnica, mási tamén incorporada en normas legais, como ocorre co Libro Segundo do R.D. Lei 6/2023, do 19 de decembro.
- Permitir o acceso a novos aspirantes que, como consecuencia do tempo consumido, cumpran os requisitos para presentarse ao concurso específico: algúns dos aspirantes presentados probablemente xa non se encontran en condicións de seren nomeados e pola contra existen outros empregados públicos que sí poderían participar nun novo procedemento.
- O comezo dunha fase negocial cos representantes sindicais dos empregados e empregadas municipais a través de mesas técnicas de traballo a prol de elaborar e aprobar unas novas bases do concurso ordinario e dos concursos específicos.

**(B) A Presencia de eivas de legalidade nas bases dos concursos específicos por incumprir o art. 91 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia en canto aos requisitos e a propia valoración dos méritos, consonte co enunciado dos apartados XI e XII deste informe proposta. Incumprimentos legais que configuran fundamentos de orden público para aplicar o desestimento dos procedementos relativos aos cursos específicos de referencia, por parte desta administración. Así como a existencia dun novo regulamente que se adapta e desenvolve as previsións legais establecidas nos procedementos de provisión de postos de traballo mediante concurso específico.**



## PROCEDEMENTO

En primeiro lugar, ao abeiro do establecido no artigo 57 de Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) acumúlase neste mesmo procedemento tramitado para o desestemento pola administración dos procedementos relativos aos concursos específicos e as súas respectivas convocatorias relacionadas nos apartados VI e VII dos antecedentes e contexto xeral.

A acumulación é posible posto que concorren os presupostos técnicos establecidos no devandito art. 57, isto é “(...) que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento(...)”.

Este procedemento iníciase de oficio de conformidade co establecido no art. 58 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do PAC.

En canto á instrucción e dado que pode existir unha pluralidade de interesados con certas expectativas por teren presentado as súas solicitudes nas respectivas convocatorias ou por teren presentado reclamacións, suscítase a apertura dun trámite de audiencia notificado ás persoas que tivesen presentado reclamación nalgún dos concretos procedementos de concurso específico e facer publicación para xeral coñecemento a través da intranet municipal (alfresco) e da propia web, por un prazo de dez días. Trámite que fornece a transparencia e participación.

Indicar que o acto administrativo polo que se acorde o desistimento destes procedementos de provisión debe ser motivado, como ocorre neste IP e no conxunto do seu expediente (in aliunde), tanto en canto aos feitos e antecedentes, como aos fundamentos de dereito, en aplicación do Artigo 35.1 letra G) da LPAC. Determinación que, por certo, reafirma a posibilidade legal en termos xerais, en relación co artigo 93 da mesma LPAC.

## ÓRGANO COMPETENTE

O art. 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na vixente redacción, sinala que a aprobación das convocatorias das bases de selección e provisión de postos de traballo é competencia da Xunta de Goberno Local.

Esta competencia foi delegada por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2023 na persoa titular da Área de Economía e Planificación Urbana (delegación de competencias publicadas no BOP do 11 de xullo de 2023).

Á vista do informe emitido polo Servizo de Recursos Humanos, e do informe emitido polo Director da Asesoría Xurídica (doc. nº 11218100ER), o Concelleiro responsable da Área de Economía e Planificación Urbana por delegación da Xunta de Goberno Local do 05/07/2023 (BOP núm. 131 do 11/07/2023), en uso das facultades que ten conferidas,

## RESOLVE:

**Primeiro.** - Iniciar a tramitación, por esta administración, do desestemento dos procedementos de provisión de postos de traballo por concurso específico que seguidamente se relacionan:

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Departamento de Control Financeiro e Fiscalización, con bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 18/02/2019, publicadas no BOP do 27/02/2019, con convocatoria publicada no DOG na data do 3 de abril.

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Informática, cuxas bases resultara aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, a medio de resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019 e feita a convocatoria a través de anuncio publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Rehabilitación e Vivenda, con bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, mediante resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, feita a convocatoria a través de anuncio publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.

- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Xestión Tributaria, cuxas bases foran aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data o 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, facéndose o anuncio da convocatoria por medio de publicación no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico, con unhas base aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, en resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, feito o anuncio da convocatoria por medio de publicación no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.

- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Edificación, coas bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, feito o anuncio da convocatoria por medio de publicación no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Emprego e Empresa, cuxas base se aprobarán en virtude de resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, con anuncio da convocatoria por medio de publicación no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.

- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Igualdade e Diversidade, aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, por delegación da Xunta de Goberno Local, de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, número 31.

-Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Contratación, cuxas bases foran aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución do 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; o anuncio da convocatoria saíu publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.



## Concello da Coruña

- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Servizo de Interior e Atención Cidadá, con bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; o anuncio da convocatoria saíu publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Medio Ambiente, cuxas bases quedaron aprobadas en resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; o anuncio da convocatoria saíu publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Mobilidade Urbana, cuxas bases se aprobarán en resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; o anuncio da convocatoria saíu publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Museos Científicos, cuxas bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, a medio de resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; a convocatoria efectúrase mediante anuncio que saíu publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Bibliotecas, con bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019, con anuncio da convocatoria publicado no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Intervención na Edificación e Disciplina Urbanística, con bases aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 29/01/2019, publicadas no BOP do 13/02/2019; o anuncio da convocatoria fíxose no DOG do 6 de marzo de 2019 e unha corrección de erros do 13 de marzo.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Xustiza Social, cuxas bases se aprobarán en virtude de resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración de data 12/03/2019, publicadas no BOP do 25/03/2019; o anuncio da convocatoria fíxose no DOG do 30 de abril de 2019.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Educación, con bases aprobadas en virtude de resolución da concelleira delegada de Facenda e Administración de data 12/03/2019, publicadas no BOP do 25/03/2019; o anuncio da convocatoria fíxose no DOG do 30 de abril de 2019.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Cultura, cuxas bases foran aprobadas pola concelleira delegada de Facenda e Administración, en resolución de data 15/03/2019, publicadas no BOP do 27/03/2019; o anuncio da convocatoria fíxose no DOG do 30 de abril de 2019.
- Provisión, por concurso específico, do posto de traballo de Xefe/a de Servizo de Participación Cidadá e innovación, con bases aprobadas pola concelleira delegada de

Facenda e Administración, a medio de resolución de data 15/03/2019, publicadas no BOP do 27/03/2019, con anuncio da convocatoria publicado no DOG do 30 de abril de 2019.

**Segundo.** - Acumular neste procedemento o desestimento dos procedementos de concursos específicos relacionados e identificados no apartado precedente.

**Terceiro.** - Dar traslado, mediante notificación individual, deste informe proposta ás persoas que tivesen presentado algunha reclamación nas distintas fases dos concursos específicos mencionados no dispositivo primeiro, así como efectuar publicación para xeral coñecemento a través da intranet municipal (alfresco) e da propia web, por un prazo de dez días, a efectos de posibles alegacións.

**Cuarto.** - Impulsar a planificación estratéxica dos recursos humanos do Concello da Coruña, de modo que unha vez acordada esta desistencia, iniciaranse os trámites administrativos para realizar as novas convocatorias de provisión dos postos afectados.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro delegado responsable da Área de Economía e Planificación Urbana

José Manuel Lage Tuñas